

## **Acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 7 de marzo de 2019**

### **Asistentes**

#### *Equipo decanal:*

Bergareche Gros, Almudena  
Fernández Carballo-Calero, Pablo  
Noriega Rodríguez, Lydia  
Jiménez Alemán, Ángel Aday  
Pazos Pérez, Alexandre  
Torres Pérez, Francisco J.

#### *PDI A:*

Aneiros Pereira, Jaime  
Arias Martínez, M<sup>a</sup> Antonia  
Cal Bouzada, M<sup>a</sup> Isabel  
Costas Comesaña, Julio  
Fernandez Docampo, M<sup>a</sup> Belén  
Grande Seara, Pablo  
Ibáñez Paz, Regina  
Mariño de Andrés, Ángel M.  
Martínez Hens, Helena  
Muleiro Parada, Luis Miguel  
Pita Grandal, Ana M<sup>a</sup>  
Rodríguez Damián, Amparo  
Ruiz Hidalgo, Carmen  
Valeije Álvarez, M<sup>a</sup> Inmacula

#### *PDI B:*

Barreiro Carril, M<sup>a</sup> Cruz

#### *Alumnos 1º, 2º e 3º ciclo:*

Rodríguez Martínez, Óscar  
Riquelme Vázquez, Pablo

#### *PAS:*

Barreira Bara  
Erias Pérez, Jesús  
Moldes Portela, Alba Victoria

#### **Escusan a súa ausencia:**

Fernández Acevedo, Rafael  
Ferrero Martínez, M<sup>a</sup> Dolores  
Fuenteseca Degeneffe, Margarita  
García Mosquera, Marta  
Louredo Casado, Sara  
Loveira Pazó, Rosa María  
Martínez Taboas, Teresa  
Pillado González, Esther  
Trigo Gómez, Pilar  
Montesinos Padilla, Carmen  
Movilla Pateiro, Laura  
Loveira Pazó, Rosa M<sup>a</sup>

O 7 de marzo de 2019, no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, ás 13:11 horas, en segunda convocatoria, deu comezo a reunión ordinaria da Xunta de Facultade, coa seguinte:

## **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 19 de febreiro de 2019.
2. Informes da Sra. Decana.
3. Aprobación, se procede da memoria económica do orzamento da Facultade do exercicio 2018.
4. Aprobación, se procede do orzamento da Facultade do exercicio 2019.
5. Aprobación, se procede, do Informe de revisión do sistema pola dirección e informe de resultados anual do centro 2017/2018.
6. Aprobación, se procede, taboas de recoñecementos.
7. Aprobación, se procede, de modificación dos horarios do Grao en RRL e RRHH.
8. Rolda aberta de intervencións.

### **1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 19 de febreiro de 2019.**

Apróbase por unanimidade.

### **2. Informes da Sra. Decana.**

A Decana felicita aos profesores José Ramón Rodríguez Lago, Francisco José Torres Pérez e María Cruz Barreiro Carril, por superar os procesos selectivos destinados á adxudicación de prazas de profesor titular de universidade.

A Decana comunica que escusaron a súa ausencia nesta sesión Rafael Fernández Acevedo, M<sup>a</sup> Dolores Ferrero Martínez, Margarita Fuenteseca Degeneffe, Marta, García Mosquera, Sara Louredo Casado, Rosa María Loveira Pazó, Teresa Martínez Taboas Esther Pillado González, Pilar Trigo Gómez, Carmen Montesinos Padilla, Laura Movilla Pateiro e Rosa M<sup>a</sup> Loveira Pazó.

A Decana lembra que as áreas xa contan co orzamento dedicado á adquisición de libros e organización de conferencias e seminarios. As instrucións foron enviadas aos responsables da coordinación das áreas. Tamén advirte que se puxeron a disposición das áreas cadeiras ergonómicas.

Finalmente, a Decana informa sobre a concesión da acreditación institucional pola ANECA á Facultade.

**3. Aprobación, se procede da memoria económica do orzamento da Facultade do exercicio 2018.**

Apróbase por unanimidade.

**4. Aprobación, se procede do orzamento da Facultade do exercicio 2019.**

A profesora Carmen Ruiz Hidalgo solicita aclaración sobre o período de execución do orzamento para as conferencias e as xornadas de internacionalización. O vicedecano Francisco José Torres Pérez, lembra as instrucións contidas no correo enviado aos coordinadores de área.

A profesora Ana Pita felicita ao equipo de dirección por continuar destinando recursos á adquisición de libros. Ante a política sobre biblioteca do Reitorado, solicita un pronunciamento de Xunta de Facultade.

A Decana solicita que os membros do Consello de Goberno tamén trasladen esta cuestión a ese órgano. A profesora Carmen Ruiz Hidalgo aclara que se fixo.

Apróbase por unanimidade.

**5. Aprobación, se procede, do Informe de revisión do sistema pola dirección e informe de resultados anual do centro 2017/2018.**

A Decana cede a palabra ao Vicedecano para asuntos de calidade, Alexandre Pazos Pérez, quen agradece a colaboración de todos os que se implicaron na elaboración do informe. Manifesta que o Informe conta co visto e prace da Unidade de calidade e que se enviou onte un documento mellorado.

Apróbase por unanimidade.

**6. Aprobación, se procede, das taboas de recoñecementos.**

A Decana lembra que este punto débese á solicitude da Dirección de Universidades de elaborar un plan de estudos común aos Graos en Dereito impartidos no Sistema universitario galego ou unha táboa de recoñecementos na súa falta.

Afirma que ademais das reunións celebrados cos equipos de dirección das diferentes facultades de Dereito, a proposta foi presentada aos coordinadores de área desta Facultade.

Apróbase por unanimidade.

## **7. Aprobación, se procede, de modificación dos horarios do Grao en RRL e RRHH.**

A Decana expón o cambio que foi solicitado polo alumnado e a profesora.

Apróbase por unanimidade.

## **8. Rolda aberta de intervencións.**

O representante de alumnado Óscar Rodríguez Martínez afirma que a Delegación de alumnado non está a recibir as convocatorias da Xunta de Facultade por correo electrónico e expón a súa queixa debido a que non se comunicou ao alumnado a celebración do foro de emprego.

A Decana aclara que recibiu a convocatoria por correo electrónico o domingo 24 de febreiro ás 11.58 e que se trasladou ao alumnado. O vicedecano Francisco Torres Pérez afirma que se enviou ao alumnado de 4º curso.

A profesora Ana Pita Grandal expresa o seu apoio para que a Facultade solicite a tramitación administrativa do Dobre Grao en Dereito e ADE.

A profesora Carmen Ruiz Hidalgo solicita o nomeamento da coordinación do Dobre grao por esta Facultade.

Finalmente, a profesora Rosa Rodríguez Martín-Retortillo explica en qué consiste o programa de *mentoring* da Universidade.

Finaliza a sesión ás 13.58, do que como secretario dou fe.

Ángel Aday Jiménez Alemán